

¡A todos vos, irmáns emigrados!

O que naceu na nosa terra, e confirmou nacemento con entendimento, lembrábase de Galiza primeiro para amala — sen que ningunha sombra amingóe a traspasanza d'ese amor, vendo como percorren o recordo os tempos limpos en que foi neno —, e lembrábase tamén para remozar unha promesa que todo galego ben nacido, chegado a ter uso de razón baril, tivo que se faguer: a de fraternizar con todos os que queran unha Galiza próspera e lanzal, ou, dito de outro xeito, unha Galiza ceibe de lampantís.

Os vellos torcedores de destino galego, os que con maneiras vilegas e cara de listos acobeixaban un bárbaro sentir e un ermo caltre, son os que agora ornean e dan couces e fundan en disgracia o seu vergoñento dominio.

Ao que teña boa memoria non será mester espricarlle con moito detalle o que oxe pasa na nosa terra e porqué pasa. Abonda lembrarse con amor... e con entendimento.

Hai quen coida estar desperto porque é listo para o seu negocio. Pero deixa que se lle durma todo o resto do espírito ou fai canto pode por non despertalo...

Galegos todos d'América:

Si queredes de todo corazón, si non vos torcen a vontade mezquinos intereses, e si estades desbertos, podeades axudar a se redimir do terror feixista a os nosos irmáns de Galiza.

Pensade que son moitos milleiros de galegos lanzales e valentes os que arriscan a súa vida buscando nos frontes de guerra da Hespania san e leal o camiño para chegaren a Galiza e redimila. Pensade que a eses galegos, que honran á nosa terra, ningún os obriga, nin foron mester arengas nin proclamas para leválos a loitar. A súa sangue derrámase xenerosamente. O seu corazón é forte e silandeiro. Non buscan gloria. Son levados polo amor. Pensade n'eles e despois contemplade a xente frívola que andes ao redor, consultade a vosa conciencia...

Pensade tamén na honra de Galiza, que pudera ser posta en entredito. Quen coñece a verdade sabe moi ben que non hai terra mais liberal que a nosa, sabe moi ben que alí loitouse sen armas, que se fixeron infintos sacrificios — que ao fin no han de ser estériles — para conter a fácil victoria d'un exército podre de resentimento. Pero esa verdade pode ser deslucida si os galegos da América non se manifestan con rexo pulo simultáneo contra os opresores da nosa terra.

Podeades faguer lonxe o que non sería doado faguer dende aquí. Podeades influir nos países en que vivides, moitos d'eles ben enganados... Pero tendes que vos manifestar craramente alén do Atlántico, en toda a América. Estad asociados. Unha sociedade non son catro... É unha vergonza que o sentir de miles poida estar algunhas veces enmascarado pola comenencia de catro...

Podeades evitar en moita parte que sigan en Galiza os asesinatos

iniciuos... Tendes que denunciar esa plaga, eisixir a intervención da diplomacia de todol-os gobernos. Sabede que en Galiza moitísima xente perseguida e fusilada é xente probe, que non fixo mais que pensar pol-a súa conta e dar o voto aos que lle merecían confianza... Non son dos que se poden refuxiar en consulados ou topar influencias ou recursos para se evadiren cando o capricho terrorista anda xa ao seu redor. ¡Hai que clamar por todos eles en xunto! Non cada un pol-os seus. ¡Todos por todos!

Hai moitísimos galegos valentes e xenerosos en América. Moitísimos que saben a verdade e fan canto poden por defendela. ¡Pero é mester que esa valentía se contacte a todos e que a acción sexa colectiva e ben sonada!

Lembrarse de Galiza, estar desperto... O que non se lembra oxe é porque non quer. O que non desperta é como aquel que non quer ouvir que petan á súa porta pedíndolle pousada nunha espantosa noite. O que se fai o desentendido é porque está serodio ou xa tal vez comesto de dichocos.

Falamos agora ao mais íntimo de cada un e decímoslle: busca o silencio, interrógate, esquencia o barullo da vanidade e dos pequenos compromisos, escoita na tua lembranza as voces limpas e anergas de Galiza; escoita tamén salaios que non teñen fin; recorda aquel ollar torto ou firente — cando non era cheo de maliciosa cobardía — dos que antes medraban enliando a xustiza e agora impóñense coas armas dos treidores.

Hai moitos mortos insepultos polo monte sen cruces... Agora sí que é santo — camposanto — o campo da nosa terra.

Escoita e, si aínda hai sanidade no teu corazón, lembráras. Pasará polo teu recordo a cara sempre locinte, inxel e fonda de Galiza. Ovirás agora o seu tremendo silencio. E no anxeio de tornar alá verás de súbito que ese foi sempre o teu soño, que esa foi sempre a saudade que che tivo de pé baixo todol-os agobios.

Pero non poderás voltar alá sen sanidade íntegra na i-alma. Non poderás voltar si non ouviste nesta hora, e recollido como un eco nas furnas do recordo, aquel tremendo silencio que che interroga, e si non fixeste algún libre sacrificio que che permita chegar alá coa fronte quizais mais vella, pero ergueita e nobre. Non poderás, si non soubeste lembrar á nosa terra como é debido nesta hora e poñer todo o espírito en vixilia. Non, non poderás, si te fixeste o desentendido...

E si voltases, Galiza, tua nai, non saberá quen eres, e os nosos ceos non celebrarán o teu retorno decindo co seu infinto ollar o teu nome de sempre.

Pero si escoitas... D'aquela, o día do teu retorno, sentirás que alguén dí — quizais a brisa a xogar no arbres —: *Velahí ven... É aquel mesmo que saíu un día...*

R. DIESTE

ROMANCE DE LOITA

Aos loitadores galegos por R. Cabanillas

O sangue de Galicia
 forecéu n-unha rosa.

Esa fror é a milicia
 que n-esta nova aurora
 abreuse ô sol e ô orballo
 tinguida de luz roxa.

Seus fillos son os rexo
 lexionarios de outrora.
 Son os bos lexionarios
 que loitaron con gloria,
 no cume do Medulio
 da forte terra nosa,
 contra as lexiões de ferro
 da avasallante Roma.
 Como no tempo antergo
 tamén temos agora
 diante de nós os fillos

da sanguinienta loba.
 Mais nos varudos peitos
 arde a invencible forza
 que forxou as bruantes
 vegadas trunfadoras.

¡A Libertade nunca
 perdéu ningunha loita!
 Oxe, como denantes,
 o cálamo da Historia
 rexistrará nas suas
 ourilocentes follas
 os alteirosos feitos,
 as fazañas heroicas
 que as vosas mans de ferro,
 do traballo callosas,
 están labrando a pico
 nas terras hespanolas.

¡Milicianos! ¡Vai-n-elo,
 débatese na loita,
 o camiño grorioso
 da Humanidade nova,
 a fartura e ledicia
 de searas e chouzas,
 o prestixio da raza,
 e, mais que todo, a honra
 da Galicia que un día
 nos arrolou mimosa!

¡Milicianos galegos
 xa cubertos de gloria!
 ¡A Libertade nunca
 perdéu ningunha loita!

¡Milicianos galegos...!
 ¡Adiante a Terra nosa!

DA GALIZA MARTIR

por Castela



Non enterran cadavres : enterran semente

«MIRADÓR», o mais esgre-
vio xornal de literatura, arte
e política, que ve a luz oxe
en día en Barcelona, lanzal
exponente do espírito e da
fala cataláns, publica no seu
derradeiro número un traba-
llo xustísimo sobre Galiza
que coidamos noso deber
traducir á nosa língoa e
brindalo aos lectores deste
boletín:

Galiza, que foi sempre a rexión
mais infortunada da Hespania, é
agora a zona onde a traxedia ac-
rrexada pol-o feixismo adquire
mais bulto.

C'unha industria en período
embrionario, Galiza vivía e man-
tíñase da súa agricultura, do gán-
do, da pesca e, moi principalmen-
te, do diñeiro que, a cadansúa fa-
milia, mandaban os milleiros de
galegos obrigados a cruzaren o
Atlántico en procura d'un salario
que lles negaba a patria de na-
cencia.

Interdita pol-os gobernos ame-
ricans o exilio do diñeiro, privou-
se ás mais das familias galegas
d'unha das súas fontes de ingreso
mais poderosas, e ficaron d'aquela
limitados os seus benefizos ao ren-
dimento das terras, do gando e
do mar.

Grande foi, sen volta, o que-
branto que fixo a determinación
dos estados americanos á economía
galega. Noustante foi peor aínda
o perxuízo que lle causou o poder
central coa súa absurda política
arancelaria de privilexio para ou-
tras rexións, co seu réxime de
continxentes e, en fin, coa apro-
bación do tan discutido trato co
Uruguay. A política arancelaria
fíreu de morte á nacente industria
galega; o réxime de continxentes
desvalorou en grande escala os
productos do agro e, mais que
nada, a pesca; e a aprobación d'a-
quel tratado dou o golpe de gracia
á economía galega ao depreciar a
sua gandería.

A TRAXEDIA DE GALIZA

Sen auxilio d'América, sen va-
lor os productos agrícolas, a baixo
prezo o peixe e o gando, víronse
os labradores e mariñeiros gale-
gos, que son os mais dos habitan-
tes d'aquela terra, cinguidos de
mans baixo o capricho dos caciques.
Caciques que, sempre aler-
tados, aproveitaron a ocasión que
se lles ofrecía coa inconcebible po-
lítica do bienio negro para tra-
ficar usureiramente coa probeza
e, de camiño, esplotala política-
mente.

Esta e non outra era a verda-
deira situación de Galiza ao s'in-
ciar o ano de 1936. Sobre este pa-
norama económico e político na-
ceu o Frente Popular.

Nestas circunstancias era difícil
a actuación do Frente Popular e
moi poucos creían no seu trunfo.
Noustante, os que coñecían aos
labradores, mariñeiros, pequenos
industriais e xente moza de Ga-
liza, fiaban cegamente na victoria
electoral das esquerdas, sabendo
que, ademais de anticaciquistas,
eran todos eles de esquerda por
temperamento, rebeldes por na-
tureza.

O 16 de febreiro púxose a pro-
ba o republicanismo de Galiza, e
neste día inesquencible foi cando
se pudo ollar o xurdo espectáculo
que ofrecían mariñeiros, labrado-
res, obreiros, pequenos comer-
ciantes e mocidade, unidos baixo
a bandeira do Frente Popular;
enfrentábanse contra os caciques
e autoridades ao servizo destes,
e derrotábanos nas urnas electora-
les para dar o trunfo á maioría
dos candidatos de esquerda. D'a-
quela ficou ben proclamado dian-
te da Hespania e de todo o mundo
que Galiza era, avan de todo e
por enriba de todo, republicana.

E velahí: a rexión que en de-

sortidas batallas electorales pro-
clamou o seu ezquerdismo no mes
de febreiro de 1935, confirman-
do-o despois nas eleccións de com-
promisarios en abril, e poñendo
a rúbrica final no mes de xunio
co motivo do plebiscito galego,
vense a topar agora en poder do
feixismo...

¿Deixara Galiza de ser ideoló-
xicamente republicana? Non. Os
galegos son arestora mais repu-
blicans que antes, mais antifei-
xistas que endexamais.

As esquerdas galegas foron sor-
presas o 19 de xulio pol-a traizón
de dez mil homes armados e per-
feitamente organizados — total
composto pol-as forzas de infan-
tería, artillería, mariña, seguri-
dade e garda civil — que se lan-
zaron contra un pobo disperso e
sen armas. Pobo que, aínda sen
tempo de se armar axeitadamente,
non hesitou en faguer cara aos
exércitos desleales, sen outras ar-
mas que as poucas pistolas e esco-
petas xuntadas a toda presa pol-os
seus dirixentes, e que loitou de-
ca ser derrotado pol-a superioridade
das armas treidoras.

As esquerdas galegas fixeron
d'aquela pol-a República a soa
cosa que neses días podían fa-
guer: loitar contra un exército
disciplinado e perfectamente do-
tado, até seren desfeitas pol-a for-
za. A Hestoria, no seu día, fará
xustiza aos que foron valentes e
heroicos defensores da Coruña,
Pontevedra, Ourense, Ferrol; das
vilas de Noya, Tui, Lavadores...
Seguiron despois, e siguen aínda
oxe, faguendo a favor da nosa
causa o mais que poden na súa
situación; fixeron levantes contra
os invasores, como os que falla-
ron na Coruña, O Ferrol, Vigo e
Pontevedra; inquantan a retaguar-

da enemiga fomentando e prote-
xendo as patrullas armadas das
montañas; seis mil galegos loit-
tan ao lado dos «gudaris» bascos,
uns catro mil nas filas dos minei-
ros asturianos, moitos milleiros
nos exércitos leales de Madrid,
Aragón, o Sur, e nos baixes de
guerra e de abastecimento. E to-
dol-os días pásanse ás nosas filas,
cando poden, todol-os galegos que
o feixismo pol-o terror obriga a
se alistar nas súas.

Si Galiza era republicana o 19
de xulio de 1936, eo agora en plea
opresión feixista, máis aínda;
samente pol-o terror pode un
pobo que ten d'abondo demostra-
do o seu odio ao cacique, velo ago-
ra convertido en dono e señor da
sua sorte. Samente pol-o salvaxis-
mo que impera sobre aquela terra
vense os galegos obrigados a con-
sentir que o froito do seu traballo
se lles apañe para contribuir ao
sostimento d'unha guerra que só
lles da loito e dôr.

Galiza odia e repudia o feixis-
mo. Agora mais que nunca, pois
ali coñecemos e teñen que soportalo.
A fértil terra galega foi sementa-
da no transcurso da guerra con
miles de cadáveres, xente de iz-
quierda que a barbarie feixista in-
conscientemente converteu en viva
xérmola revolucionaria.

*

¡Probe Galiza! O fascio, pón-
dote en mans de quen non che
coñece, nin che sinte, nin che es-
tima, querte envilecer; privouche
de brazos útiles, deixouche na mi-
seria e converteu os teus dóces
e belidos ríos en enxurradas de
sangue.

As esquerdas galegas, derrota-
das, pero non vencidas, cun pulo
que a mesma barbarie feixista fai
medrar, trunfarán ao remate de-
finitivamente, e co seu trunfo Ga-
liza será libre e próspera.

O camaleón feixista

No derradeiro número deste bo-
letín publícase un breve artigo en
col da natureza do feixismo, siña-
lando a súa demagógica dobrez,
as encubertas intencións que ani-
man aos seus «protectores», o vi-
raxa que fai, paulatino e solerte,
desde as premeiras vaguedades —
en que se mixturan c'unha sos-
peitosa mística nazionalista auda-
cias promesas de xustiza social
aos traballadores — até o final
franqueamento da súa dinámica,
que se traduce en leis e normas
decididamente esclavexantes, re-
accionarias e, de pés a cabeza, au-
tipatrióticas. O negro disfrazase
de branco. O feixismo píntase de
patriotismo.

O feixismo hespañol non habendo
tido, como os precursores, pre-
goeiros e políticos con habelencia
comprida para enganaren ao pobo
e se enganaren a si mesmos, es-
comenza pol-o remate — decíam-
os —, exhibindo de premeiras
a mais oprobiosa fasquia reaccio-
naria.

Mais esto non quer dicir que,
cando menos en certas manifesta-
cións «literarias», non se curen
algúns facciosos hespañoles — ou
servos d'eles — de sementar a
confusión según o mesmo arte dos
seus devanceiros de fora. Neste
servizo encádranse certas pandi-
llas de xente «leída», mimética
sempre, sin fonda iniciativa nin
craridá de espírito.

Hai, neses grupos, o que padez
crises nerviosas, que él coida en-
tusiásticas; o que se move por
pequenas vanidades e agachados
intereses; o palurdo pedante, que
non sabe o que dí; o que xa debía
a pouca sona do seu nome á súa
revesgada ou simple «cursilería
inxénita» — e destas poderíamos,
por mala sorte, citar casos afeito
en Galiza... Pero total-as varian-
tes redúcense a dous tipos: un,
o demagogo inconsciente — que
ñorando a realidade ou coidando
quizais influir no curso d'ela coa
sua leria impotente, sirve a Quei-
po, Franco e March —, e outro,
o que de sobra sabe onde está o
chan e a quen serve...

Deixando a unha banda mati-
ces literarios — ou morbosos —
e aténdonos á dinámica xeral dos
feitos, queremos agora samente
confirmar o dito sobre a fraude
renta literatura socializante do
feixismo, con algunha cita dos
epígonos hespañoles. («¡Españoles,
nada más!», dín eles raibosa-
mente. Mais, non ten volta, un
corno levan alemán e outro italia-
no. Nada, en troques, do mellor
espírito da Italia e da Alemaña.)

Veleiquí as citas. Poderíanse
multiplicar deica encheren un
gran volume, pero con dúas ou
tres mostras abonda.

D'un artigo tiduado «Señoritos
y jefes»:

«No hay pobres ni ricos, sino
soldados y jefes. Y jefes pueden
ser todos los que tengan aptitudes
para ello. Los cargos se merecen
y se ganan y el antiguo señorito
que todo lo debía a la cuna, al
nepotismo y al favor, poco tiene
que hacer en las filas nacionales
como no disponga de armas más
lícitas para abrirse paso.» (Esto
no que se refiere al ejército.
Vexámolo agora xeneralizado.)
«Han muerto para siempre el pa-
rásito y el señorito de que se nu-
trió durante tantos siglos nuestra
picaresca. En España amanece la

¡Loito na nosa terra!

(Sigue a lista dos fusila-
dos. Véxanse números ante-
riores de NOVA GALIZA.)

OBREIROS DA CNT

Túy

Gumersindo Alvarez.
Costas.

Villagarcía

Joaquín de la Torre y hermano.
Manuel Piñeiro.

Santiago

Manuel Fandiño.
Marcial Villamor.

Coruña

Jacinto Méndez Esporrín, ferro-
viario.
Norberto Villamor y su esposa.
Rafael Lamas, oficios varios.
José Naya, oficios varios.
Manuel Vázquez Sampayo, oficios
varios.

Genaro Pazos, tranviario.
Eladio Muñíos, tranviario.
José Chedas, peón.
José Prenas, peón.
Manuel Mosquera, metalúrxico.
Francisco Rosales, metalúrxico.
Federico Brandariz, carpintero.
Souto, pintor.
José Boedo, canteiro.
Manuel Meiras, lateiro.
José Ares, barbeiro.
Manuel Raña, panadeiro.
Marcelino Angulo, camareiro.
Javier Pose, camareiro.
José de la Iglesia, telegrafista.
José Esmoris.
Cesáreo «del Tercio».
Luis Huici, xastre.
Cariño.
José «Matalagata».
J. García Galdo.
Jesús Abugue, dependente de co-
mercio.
Jesús Patricio Zato.
José López López.
José Vara.
Manuel Vara.
Antonio Naya López.
José Ecuriz.

OUTROS FUSILAMENTOS

DECEMBRE DO 1936

Lugo

(Día 1)

Bernardino Núñez Rodríguez, ve-
ciño de Viveiro.

Pontevedra

(Día 2)

Manuel Puente Iglesias.
Eduardo Muñíos Bua.
Joaquín Fernández Barcia.
Manuel Dios Costado.
José Gabriel Cespón.
Manuel Vázquez Cruz.
José Crespo Cons.

(Día 7)

Adolfo Vega Oliveira, oficial de
Correos de Sanxenxo.

(Día 31)

Albino Agraso.
Santiago Ramos.
Jesús Bernárdez Carrera, maestro
nacional.

Santiago

(Día 3)

Fernando Domínguez Caamaño.

Ourense

(Día 9)

Manuel Moledo Domínguez.

(Día 31)

Ramón González Calviño.

Coruña

(Día 9)

Norberto Recamán.
José Lago Fernández.
Teófilo Mejuto Leis.
Perfecto Transmonte Costa.
Jesús Chouza Figueiras.
Florentino Canosa Barreiro.

Manuel García Castiñeira.
Domingo López Acea.
Antonio Varela Sanxurxo.
Ricardo López Acea.
Antonio Barbeito Espiñeira.
Máximo López Acea.
Ramón López Acea.

Túy

(O mesmo día)

Juliano Díez Alvarez.
Adelardo Barreiro Sueiro.
Camilo Carrero Lorenzo.
Manuel Vicente Portela.
Francisco Lloret Gándara.
Antonio Rodríguez Rodríguez.
Francisco Fandiño Piñeiro.
Venancio Cibeira Rodríguez.
Manuel González Besada.

O Ferrol

(Día 31)

Antonio Mirás Varela.
Antonio Romero Souto.
Eduardo Rodríguez Rodríguez.
Francisco Fernández López.

Vigo, Túy, etc.

(O mesmo día)

Javier Estévez Viana.
Francisco Rodríguez.
Manuel Domínguez.
Manuel González Romero.

O 17 d'abril deste ano

Vigo

Rafael Lareo Mallo.
Rogelio Arjenez.
Moisés Pereira.
Ricardo Solla Lemus, veciño de
Ponteáreas.

Pontevedra

Veciños de Pontevedra:
Albino Sánchez Leiro.
Constantino Gómez Rodríguez.

Claudio Magdalena.
Víctor Moldes.

Veciños de Bueu:

José Gómez de la Cueva.
Manuel Chapela Couso.
Manuel Graña Posén.
Avelino Chapela Soliño.

Veciños de la isla de Arosa:

Narciso Suárez Lojo.
José Besada Nieto.

Santiago

Manuel Hermo Vidal, veciño de la
Puebla del Caramiñal.

Lugo

Evaristo Pereira Rubio.
Eloy Prieto Fernández.

Ourense

José Salgado.
Fernando González Cid.
Daniel Ferreira Nogueira.

O Ferrol

Fulgencio Ayala Victoria, coman-
dante de carabineros.
Esteban Gómez Santos, sargento de
carabineros.
Julian Meilán Castro, sargento de
carabineros.
José Galán Gómez, carabinero.
Tomás Mato Polo, carabinero.
Isidro Sánchez Garrido, carabinero.
Damián Martínez Barja, carabinero.
Jesús Arejo García, carabinero.
Manuel Ventosinos Pereira, carabi-
nero.
Miguel Pena Ares.
Celestino Rodríguez Galdo.

Veciños de Santa Marta de Orti- gueira:

Jesús Castaño Galdo.
Jesús Verdeal Maceda.
Germán Cerbo Maceda.
Jesús María Fernández Fernández.
José Ventosinos Pereira.

auténtica y cristiana justicia social.»

D'outro artigo titulado «Mística revolucionaria» (e d'outro autor):

«Puede afirmarse que los movimientos antimarxistas no han sintetizado su mística revolucionaria en puntos doctrinales que señalan la propia convicción sobre los fines del Estado y la misión histórica de la patria, sino en el ideal supremo del puesto del hombre en el cosmos y en la justicia social que, curando las llagas de siglos enteros de capitalismo, realice el impulso humanitario de caminar hacia el pueblo.»

E, en fin, veleiquí unhas verbas de Millán Astray, para quen teña cobiza de divertimentos: «Sabed — diríxese ás mulleres roxas — que nuestro glorioso ejército lucha por la justicia social. Mujer española: justicia social para todos, sin odios de clases, porque ya no existen clases. Y esto no lo olvidéis, no es nuevo para nosotros; es lo que hicimos siempre.» (¡Ah, xa che entendo!...) Sigue unha ristra de agarimos, rechouchos, e disloques moi do xeito deste bonifate. Este é mais raposo que os outros. Mais a todos se lles pode dicir o dito do conto hespañol — non alemán nin italiano —: «Quien no te conozca que te compre.»

Agora — según o que se saca de certas notizas aínda vagas — paréz que os que non queren mercar en firme a estes paroleiros, tan útiles pol-o seu confucionismo, son os mesmos carcas. Xa escomenzaron a rosmar e a recearen de certa «fraseoloxía»... Non teñen calma para agardar o remate ou coidan que non lles fan falla para nada semellantes pregóns. «¡Palo y basta!» I é que os carcas do país — xa o temos dito algunha vez — son os mais brutos do mundo.

Os que en se tratando de feixismo non paran a atención mais que na sua pelica literaria — ou os que, sin coñecer esa pelica, supoñen que non engaña a ninguén, e que se impón semente pol-a forza — están, uns e outros, fora da realidade intenzional e táctica en que se desenvolve a «política» feixista, e poden calquera día caer no seu cepo. Non é fácil semellante caída para unha vontade san; pero hai espíritos indecisos, condenados a xogaren ás catro esquinas cos seus mal fundados e imprecisos convencimentos, que nun viraxe súbito — ou despois d'un mareo — tópanse «convertidos» ao feixismo e, si son literatos, poñen ao seu servizo verbas estremeadas, murmurios agoirentos e revesgados intrínquilos. (Lendo algúns nomes galegos ao pé d'esa literatura de botica, mais aínda me aneio de chorar de vergonza, ais que rabia, sentimos na man reita o pulo de dar a certos azos así alcoholizados un par de bazadas salvadoras.

«Pero xa non hai tempo. Xa seían «demasiado boas» esas labazadas... Hai que dicir, para evitar confusións, que aquí falamos dos que están apodrecendo, non dos que xa son podres de nacemento. A eses que lles dé a labazada seu pai. E volviendo aos outros, ¿non haberán tido sempre agachado un punto de podremia?... Un raio vírase a palabra cando lembramos aos poetas — verdadeiros poetas — que xa van alá mortos por lealtá d'esprito...

ESPELLO DE DICTADORES

Por R. D.

Os movementos reaccionarios e dictatoriales deste século, si se descontan as diferenzas de énfasis e acento, aseméllanse en todolos países e pódense trocar uns pol-os outros como se troca o diñeiro. Mais cada dictador, coa sua grea adicta, pon sempre un teimoso empeño en amosstrar como produto do país o seu programa.

Premeiro recolle as arelas populares, que son as mesmas alí onde a inxustiza e a fame dominan.

Despois dí que a democracia veu d'afora e que alí non se aclimata.

E derradeiramente promete prosperidade e xustiza para todos c'un sistema indíxena, acomodado á raza e ao clima do país. Ese sistema é a sua dictadura, e todos os que pretenden discutila, son alleeiros, extranxeirizantes, antipatriotas...

Todo o que un home xusto pode dicir contra a falsa democracia, dílo él tamén... e colle deseguida — si pode — as rendas e a fusta para «salvar ao país».

Co-as rendas manéxase moi mal. ¡Sempre! Pero non deixa de mallar co-a fusta. ¡Arriba Portugal! E malla canto pode nas costas do pobo portugués.

A esta inxustiza — ou a este monopolio da inxustiza, que é o que mais «prospera» baixo o seu dominio — engádesse a fame... A fame faise realmente nacional. ¿Remedios? Mais policía, mais propaganda, mais incenso ao dictador... O ouro vaise en botica, e, según se esgota, hai que ilo sacando de todol-os petos e de total-as arcas para «salvar ao país», para remedios: policía, tundas, asesinatos, espionaxe, adulacións, propaganda, incenso ao dictador...

Pero o dictador — e a sua grea servil — arrichan a crista, estrican o pescozo, esponxan as penas, e lanzan ao vento o seu quiquiriquí por enriba dos mortos, da piolleira, da patria humillada: ¡Viva Portugal!

E fan libros e discursos nos que esprican porqué non son demócratas, e porqué son, en troques, «tan portugueses».

Non cabe a xente enferma ou miserenta nos hospitales, nos asilos. Chegan todol-os días. Mais, mais... Tantos que xa non hai xeito de acobeixalos. Tan macios, rotos e mirrados que non se poden rechazar.

Uns van enfermos de probeza. Outros — cada día mais — de tisis. É unha macabra procesión.

E entón os directores dos hospitales, dos asilos, lémbrense do dictador, do «salvador do país». E van alá... «Señor, o país apodrece, morre de fame e de malatías. Os que tardan en morrer veñen a nós... Lémbrese d'aquelles portugueses, d'aquela raza forte do tempo de don Alfonso Henriques, do tempo dos nosos héroes... Lémbrese das mulleres tan louzanas... Señor, si quixera poñer atención».

O dictador escoita, estremécese un pouco, e fai un chamamento á caridade, para que a xente que aínda ten algo con que se valer, acuda cos seus donativos, porque os fondos do presuposto son escasos... e fan falla para remedios...: policía, gaiolas, incenso ao dictador... («Vexa... Agora mesmo tense concedido un novo crédito de cinco millóns d'es-

cudos para reforzar o presuposto do Segredariado da Propaganda Nacional. Vexa... Quince mil francos para premiar o mellor traballo sobre a dictadura portuguesa... E un sinfín de subvencións a revistas e xornaes do estranxeiro... Hai que intensificar a propaganda para que o mundo se convenza da grande regalía que nos temos: O Novo Estado portugués...»)

Son moitos problemas... O dictador cavila e manda aumentar as contribucións... Cérranse industrias, cérranse comércios. Non poden resistir...

Aumenta o paro. Aumenta a fame. E vai crescendo a procesión.

Pero «o Silencioso» impón silencio... Espías d'ourelas longas andan a escoitar por total-as esquinas, filtranse pol-as reganduxas, aparecen de súbito: «¿Qué se estaba queixando?»

E entónces hai que demostrar a paus, nas tréboas d'unha gaiola, que non hai motivo a se queixar no Novo Estado portugués.

E cando n'un país veciño un pobo resiste con toda a forza da sua dignidade contra outros galos que dín: «¡Arriba España!» o «Silencioso» pensa: «Mal exemplo. Eso vai contra mín...» E a sua policía xa ten nova tarefa, faise cumplice sinistro dos crimes dos treidores do país veciño.

Vírase tolo. Imprime un xiro ao seu anteollo, de Londres a Berlín. Escoita un latexar de renascencia alí perto d'él... ¿Qué pasa? ¿Cunde o contaxio? ¿Quérese erguer tamén o pobo portugués, «imitar ao extranxeiro»? Síntese amenazado. Dentro da casa... Fora...

E entónces acelera o se armar até os dentes. ¡Policía, propaganda, cañóns, cañóns, cañóns! E xa non sabe a onde pedir socorro. Desconfía de Londres. Desconfía de Berlín. ¡Teme a Portugal!... E non se fía do exército.

Hai romores inquedantes...

